

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 21 DE AGOSTO DE 2023

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e un de agosto de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de

Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as trece horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 11 de agosto de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- LICENZA DE OBRAS

- Gandeiría Coto S.C.

ANTECEDENTES

1. Don Xabier Vázquez Pardo, na representación da sociedade GANDEIRÍA COTO S.C., con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar de Saborín, parroquia de Vilela, solicitou con data 8 de abril de 2023 (RE-E núm. 203) licenza municipal

- de obras para AMPLIACIÓN DE ALMACÉN PARA MAQUINARIA AGRÍCOLA E FORRAXES, con emprazamento no lugar da Baiuca, parroquia de Vilela.
2. A citada sociedade foi constituída en documento privado estendido con data 1 de agosto de 2007 e está integrada na actualidade por Don Miguel Vázquez Prieto (DNI núm. ██████████), Dona María Pardo Pereira (DNI núm ██████████) e Don Xabier Vázquez Pardo (DNI núm. ██████████). Dito documento foi elevado a público mediante escritura pública estendida con data 15 de abril de 2008 ante o notario de Chantada (Lugo) Don Ignacio Javier Boisán Cañamero (protocolo núm. ██████ modificada por escritura de pacto sucesorio con entrega de bens, estendida con data 26 de agosto de 2020 ante o notario de Chantada (Lugo) Don Eduardo Díez Fernández-Barbé (protocolo núm. ██████).
 3. Achégase proxecto técnico, visado polo colexio correspondente (████████, do 22/03/23), redactado pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro.
 4. O prazo de inicio das novas obras non poderá exceder de seis (6) meses, e o de execución non poderá exceder de trinta e seis (36) meses.
 5. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).

3. A ampliación de almacén proxectada sitúase en terreos clasificados como “solo rústico de protección agropecuaria” polo PXOM en vigor.
4. Proxéctase a ampliación dun almacén de maquinaria agrícola e forraxe existente de 280,00 m² de superficie. A ampliación proxectada ten unhas dimensións de 8,00x12,00 m. (96,00 m²)
5. O orzamento de execución material das obras proxectadas ascende á cantidade de DEZ MIL CENTO SETENTA E UN EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (10.171,95 €).
6. Resulta de aplicación a Disposición Transitoria primeira da LSG, na que se establece que ao solo rústico dos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aplicaráselles o disposto na LSG para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo.
7. As construcións e instalacións destinadas ao apoio das explotacións hortícolas e os almacéns correspóndense cun uso admisible en calquera categoría de solo rústico logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística segundo o artigo 36.1 da LSG.
8. O contido urbanístico do proxecto presentado coincide cos seguintes extremos:

Titulares do predio	[REDACTED]
Inscripción no Rexistro da Propiedade	[REDACTED]
Refª catastral da parcela	36047A012002030000PO
Superficie da parcela	19.460 m ²
Uso autorizado	Ampliación de almacén agrícola
Superficie ocupada en planta	Edificacións existentes (cortes e anexos, fosa de xurro, almacén agrícola e depósito de auga): 2.563,68 m ² Ampliación de almacén agrícola: 96,00 m ²

9. A actividade obxecto da licenza non foi sometida a declaración de incidencia ambiental ao non atoparse incluída no anexo da

Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), segundo o informe emitido pola técnica municipal de medio ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge con data 18 de agosto de 2023.

10. Nos solos rústicos de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal (artigo 36.2 da LSG).
11. A xefa do Servizo de Explotacións Agrarias da Consellería do Medio Rural en Pontevedra, en data 04/04/23, informa de xeito favorable o proxecto.
12. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
13. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
14. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
15. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 4 de xullo de 2023).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER a GANDEIRÍA COTO S.C. licenza municipal de obras para AMPLIACIÓN DE ALMACÉN PARA MAQUINARIA AGRÍCOLA E FORRAXES, con emprazamento no lugar da Baiuca, parroquia de Vilela, con estrita suxeición ao proxecto técnico, visado polo colexio correspondente (20230286, do 22/03/23), redactado pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro, coas condicións especiais seguintes:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.
- b) Os prazos de inicio e execución comezarán a computarse dende a data seguinte ao recibo da notificación do presente acordo. Se as obras non se iniciasen ou se executasen durante os prazos establecido ou ben, se interrompan por tempo superior a seis meses, procederase a declarar a caducidade da licenza, previa audiencia ao interesado. Non obstante, poderá solicitarse prórroga dos referidos prazos previa solicitude expresa formulada polo interesado e condicionada ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 145.2 da LSG e artigo 359 do RLSG.
- c) A presente licenza queda sometida á condición suspensiva, no que atinxe ao inicio das obras e implantación do uso, ata que se xustifique o cumprimento das obrigas establecidas conforme o artigo 39 e) da LSG. Aos citados efectos, será suficiente que o titular da licenza presente ante o Concello certificación expedida polo Rexistro da Propiedade da vinculación da total superficie real do predio á construción e usos autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas na presente licenza (artigo 39 e) da LSG en relación co disposto nos artigos 65 e 67.3 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana).
- d) Os piares e vigas da ampliación proxectada que resulten visibles dende o exterior deberán pintarse na mesma cor que o cerramento da edificación.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de DOUSCENTOS TRES CON CORENTA E TRES CÉNTIMOS (203,43 €).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de CINCUENTA EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (50,85 €).

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— UFD Distribución Electricidad S.A.

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 8 de marzo de 2023 (RE-E núm. 149), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A.
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	MADRID
REPRESENTANTE	FRANCISCO JAVIER RAMOS DÍAZ
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	INSTALACIÓN DE TELECONTROL E SUBSTITUCIÓN DE APOIO DE LIÑA DE MEDIA TENSIÓN
LUGAR	FAFIÁN
PARROQUIA	FAFIÁN
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA
REFª CATASTRAL PARCELA	36047A087004970000PR
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	SI (separata de proxecto redactada polo enxeñeiro eléctrico Don Damián Muíño Bello, en data 12/12/22)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	15.718,52 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) ANO
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 27/04/23)
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO (Informe da técnica municipal de Medio Ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge, de data 11/08/23)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade

económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de TRESCENTOS CATORCE EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS (314,37 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

4.- SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE ACCESIBILIDADE

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da Orde do 6 de xullo de 2023 da Consellería de Política Social e Xuventude pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas aos concellos e mancomunidades da Comunidade Autónoma de Galicia para o

financiamento de actuacións en materia de accesibilidade de competencia municipal, ao abeiro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, de conformidade co Regulamento (UE) número 2021/241, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia, e se convocan para o ano 2023 (DOG núm. 139, do 21/07/23), e a conveniencia para o interese público de solicitar unha axuda económica para a mellora da accesibilidade, da mobilidade peonil e da seguridade no acceso ao Centro de Saúde de Rodeiro

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Política Social e Xuventude unha axuda económica por importe de CORENTA E OITO MIL TRESCENTOS NOVENTA E OITO EUROS CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (48.398,56 €), para a actuación denominada “*Mellora da accesibilidade na rúa A, acceso ao Centro de Saúde*”.

Segundo.- Aprobar a Memoria técnica valorada redactada, con data agosto de 2023, polo arquitecto técnico Don Antonio Carro Núñez.

Terceiro.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria, e comprometerse a financiar o importe que non resulte subvencionado ata o importe total da execución prevista.

Cuarto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e calquera outra documentación que resulte necesaria para a efectividade do acordado.

5.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DE SAN PAIO DE SENRA

VISTO o escrito presentado por Dona Miriam Blanco Fernández, veciña de Chantada (RE núm. 1394, do 21/08/23), polo que, na representación de Comisión de festas da parroquia de San Paio de Senra, solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais celebradas os pasados días 5

e 6 de agosto do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as trece horas vinte minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde
(sinatura dixital)